

O Concello de Oroso pon en marcha varias iniciativas para axudarche a conciliar

Coa chegada das vacacións escolares, unha inquietude invade a mente de moitos pais e nais de Oroso: e agora que facemos cos cativos? Para dar resposta a esta cuestión, o Concello de Oroso pon en marcha varias iniciativas para axudar ás familias a conciliar a vida laboral e familiar. A última en convocarse é o **campamento de verán**, que este ano terá lugar do 5 ao 12 de agosto en Nigrán e que está dirixido a nenos e nenas de entre 7 e 12 anos. Un campamento que inclúe rutas de sendeirismo, excursións, actividades náuticas e de multiaventura, rutas en barco, xogos, cancións... Os seus prezos son de 140 € (empadroados) e 190 € (non empadroados).

Ademais, durante todo o verán está aberto o **Summer Camp 2016**, que o Concello desenvolve en colaboración coa Escola con Talento. Dirixido a nenos e nenas de 3 a 12 anos, o Summer Camp ofrece actividades lúdicas, xogos, manualidades, saídas urbanas e técnicas de comunicación, sempre en inglés. No caso de xullo e agosto, cada quincena ten un prezo de 65 € (de 07.30 a 15.30 horas) e de 45 € (de 09.00 a 14.00 horas). A quenda de setembro, entre os días 1 e 9, os prezos serán de 50 € (entre as 07.30 e as 15.30 horas) e 35 € (de 09.00 a 14.00 horas). Existe tamén a posibilidade de solicitar días soltos

CAMPAMENTO XUVENIL A NIGRÁN
ABERTO O PRAZO DE INSCRICIÓN
DIRIXIDO A DE 7 A 12 ANOS
PRAZAS LIMITADAS DE AGOSTO

ORGANIZA: **OROSO**
Máis información no centro cultural de base e venres de 9 a 14h no teléfono 981 690 903 ou na páxina web: www.concellooroso.com

SUMMER CAMP! 2016
OROSO Children 3 to 12 years

25-30 Maio	9:00-14:00 = 25€ 7:30-13:30 = 15€	Almorzo 3€ Xantar 5€ Merenda 3€
1-15 Xullo	9:00-14:00 = 45€ 7:30-13:30 = 45€	Prezo do taller: 9:00-14:00 = 4€ 7:30-13:30 = 4€
1-15 Agosto		
16-31 Agosto		
1-9 Setembro	9:00-14:00 = 35€ 7:30-13:30 = 35€	Merenda adicional período = 5€ Inclúe merenda media mañá.

Posibilidade de todo tipo de horarios e necesidades. Aberto de 7:30a22:30

ORGANIZA: **OROSO** Centro Cultural Fernando Casas e Novoa, Sigüeiro
TE: 981 690 903
COLABORA: **CEIP DO CAMIÑO INGLÉS** Pasado Carbonero, 9 Sigüeiro 15888 Oroso
TE: 981 087 905 - MÓ: 980 904 427

COMEDOR ESCOLAR CEIP DO CAMIÑO INGLÉS
CURSO 2016/2017
PRAZO DE RENOVACIÓN DE MATRICULAS DO 1 AO 15 DE XUÑO
MATRICULAS NOVAS DO 16 DE XUÑO EN ADIANTE ATA CUBRIR PRAZAS

Máis información e inscrición no centro cultural Fernando Casas e Novoa no teléfono 981 690 903 ou na páxina web: www.concellooroso.com

(de 8 ou 6 €) e contratar os servizos complementarios coma os de almorzo (2 €/día), xantar (5 €/día) e merenda (3 €/día). O Concello establece descontos dun 20% para familias numerosas e segundo irmán.

Finalmente, compre lembrar que está aberto o prazo de inscrición no **comedor escolar** do CEIP do Camiño Inglés e no **Bos Días Cole**. En

"BOS DÍAS COLE"
CURSO 2016/2017

- NAS C.E.I.P. DE SIGÜEIRO E CEIP DO CAMIÑO INGLÉS
- DE 07:30 ATA O COMEZO DA XORNADA LECTIVA
- DIRIXIDO A RAPACES/AZAS DE 3 A 12 ANOS

PRAZO DE RENOVACIÓN DE MATRICULA DO 1 AO 15 DE XUÑO E MATRICULAS NOVAS DO 16 DE XUÑO EN ADIANTE ATA CUBRIR PRAZAS

- SERVIZO DE GARDERÍA E ALMORZO

MÁIS INFORMACIÓN NAS OFICINAS DO CENTRO CULTURAL FERNANDO CASAS E NOVOA NO 981 690 903 OU NA PÁXINA WEB: www.concellooroso.com

ORGANIZA: **CONCELLO DE OROSO** COLABORA: **CEIP DO CAMIÑO INGLÉS**

todos os casos, máis información no Centro Cultural de Sigüeiro ou no 981 690 903.



Descarga a APP no teu móbil dende www.concellooroso.com, envíanos as incidencias que vexas e resolverémolas o máis axiña posible





Unha merecida homenaxe

O Concello de Oroso homenaxeou á **Banda de Música de San Mamede-Grabanxa**, fundada en 1905 e desaparecida nos anos sesenta, polo "labor de difusión da cultura e da educación que efectuaban os seus integrantes aló por onde ían", asegurou o alcalde Manuel Mirás. Entregáronse recoñecementos a todos os integrantes da banda, recollidos por eles mesmos ou polos seus descendentes.



XULLO

7

A excursión dos maiores terá como destino Aveiro, Coímbra, Figueira da Foz, Góis e Porto

O Concello de Oroso, en colaboración coa Asociación da Terceira Idade de Oroso, organiza a súa primeira "Excursión dos nosos maiores", que terá como destino Portugal entre o 7 e o 10 de xullo. Unha viaxe aberta a toda a veciñanza orosá maior de 60 anos, e as súas parellas, que deberá anotarse antes do vindeiro 5 de xullo na Concellaría de Atención ao Maior (Casa do Concello: 981 69 14 78). A viaxe ten un prezo de 115 euros por persoa, que inclúe tres noites de hotel así como manutención completa e participación nas distintas actividades programadas. O número de prazas dispoñible é de 50, polo que terán preferencia os veciños e veciñas empadroados en Oroso. A organización desta excursión supón dar cumprimento ao compromiso adquirido polo alcalde de Oroso, Manuel Mirás, durante o Encontro cos Madores celebrado o pasado mes de febreiro.

A Aula CeMIT de Oroso imparte en xullo as catro primeiras sesións de Formación Aberta

A Aula CeMIT de Oroso impartirá as primeiras catro sesións do proxecto **Formación Aberta**, unha iniciativa cultural, educativa e social que ofrecerá formación de balde a todo o que queira aprender. As sesións, en horario de 10:00 a 12:00 horas, son: Que relación existe entre emprender e facer negocios? (venres 8), Como se monta un negocio? (venres 15), Como se xeran as ideas de negocio? (venres 22) e que é un negocio innovador? (venres 29).

Todos aqueles veciños/as que queiran participar como alumnado deberán dirixirse á Aula CeMIT de Oroso (981 688 925), mentres que aqueles que estean interesados en participar como docentes deberán enviar a súa proposta e o seu currículo a cemit.oroso@xunta.es ou educaoroso@concellooroso.com.

XULLO

8

ATLETISMO RUNNING EN FAMILIA

MARTES E XOVES DE 16:30 A 17:30
INSTALACIÓNS CEIP OROSO

INSCRIBETE NAS OFICINAS DO CENTRO DEPORTIVO

DIRIXIDO A MAIORES DE 8 ANOS E ACOMPAÑANTES (PAISNAIS...)

OS MUITOS

OROSO

Celta O VIGO ED XUVENTUDE OROSO FUNDACIÓN CELTA DE VIGO

CAMPUS DE FÚTBOL OROSO 2016

www.oroso.es

Facebook - Concello Oroso Fundación Celta

Teléfono: 981 69 14 78

Internet: www.oroso.es

OROSO viraxes

CURSOS NATACIÓN VERÁN 2016

REQUISITOS:
Ter tramitado o carné de aboador da piscina.

DIRIXIDO A:
Nenos de 4 a 16 anos. (ou nados a partir do ano 2012)
Adultos (maiores de 16 anos).

LUGAR: Piscina Municipal de Oroso (Sigüeiro).

DURACIÓN DO CURSO: Dende o día 1 ao 29 de xullo

PRAZO DE INSCRIPCIÓN: Ata o día 24 de xuño, nas oficinas do Polideportivo.

HORARIO NENOS: De luns a venres de 11:00 a 13:30 segundo grupos.

HORARIO ADULTOS: De luns a venres de 20:30 a 21:00

OS NENOS MENORES DE 7 ANOS: Irán acompañados por pai/mai ou titor.

Mais Información: 981927901 - www.oroso.es



La Caixa, premio á empresa que máis colabora coa cultura



Abel Rodríguez Noya, premio especial á traxectoria



Petre Abraham Smeu, premio na categoría promesa



Premio á Banda de Música de San Mamede-Grabanxa

Oroso derborda cultura

A **III Gala da Cultura** recoñeceu o mérito de persoas, asociacións e empresas no ámbito cultural. O premio á traxectoria recaeu en Abel Rodríguez Noya, mestre de baile en Lembranzas do Tambre; a Banda de Música San Mamede-Grabanxa levou o premio á asociación; mentres que o violinista Petre Abraham Smeu e La Caixa levaron os premios á promesa e á empresa máis colaboradora, respectivamente.



Acordos con varias escolas de Durham para intercambios de estudantes con Oroso

Unha representación do Concello de Oroso participou nunha peregrinación entre Finchale e Durham (Reino Unido) para reivindicar que o Camiño Inglés comeza nesta localidade inglesa. O alcalde Manuel Mirás agarda que os acordos de colaboración cos colexios de St Gotic e St John se traduzan en **intercambios de estudantes** con rapaces e rapazas de Oroso.



O conto de nunca acabar: as obras da AP-9 reanúndanse para volver paralizarse días despois



As obras do enlace sur da AP-9 van camiño de establecer un auténtico récord... de despropósitos. A un mes de cumprirse un ano dende a primeira data ofrecida polo Ministerio de Fomento para a inauguración da obra, a situación desbloqueouse só para volverse a bloquear máis, se cabe. Despois de que a principios de xuño recibíramos a nova do reinicio das obras, despois de case oito meses paralizadas, apenas unha semana máis tarde os traballos volveron a ser paralizados, desta vez sen explicación algunha. Unha vez máis, os líos burocráticos no Ministerio de Fomento volven paralizar unha obra fundamental para o desenvolvemento do municipio. Unha obra que ía ser inaugurada en agosto de 2015, e non foi. Que a propia ministra de Fomento comprometeu para novembro de 2015, e non foi. E que xa acumula un ano de molestias para a veciñanza.

EXCURSIÓN DOS NÓSOS MAIORES A PORTUGAL
do 7 ao 10 de xullo

INFORMACIÓN:
CONCELLARÍA DE ATENCIÓN Ó MAIOR
Tel.: 986612178

Inscripcións:
do 28 de xuño ao 3 de xullo

Colabora:
ASOCIACIÓN DA TERCEIRA IDADE DE OROSO

FORMACIÓN ABERTA
Universidade Popular

0807116 - Que relación existe entre emprender e facer negocios?
15407116 - Como se monta un negocio: das ideas aos feitos dos feitos aos resultados
2207116 - Como se venen ideas de negocio?
2907116 - Que é un negocio innovador?

FORMACIÓN GRATUITA PARA TODO O MUNDO

APÚNTATE
Aula CeMIT Sigüeiro - Oroso
<http://cemit.xunta.gal/es/centro/33>
cemit.oros@xunta.es
Tel.: 98668930



FOI NOTICIA...



Un total de 22 nenos e nenas da escola infantil municipal "A Ulloa", de idades comprendidas entre os 2 e os 3 anos, participaron na sesión final do Programa de Educación Viaria, posto en marcha polo Concello de Oroso.



Os combos da Escola de Música de Oroso ofreceron un concerto na praza Isaac Díaz Pardo. Deste modo retoman a iniciativa de diferenciarse do tradicional concerto de fin de curso e ofrecer unhas actuacións diferenciadas.



As orosás maría Icíá Cambreiro Tajés, Meritxell Aradas Rúa e Aldana Italia Mourelle proclamáronse subcampioas no Campionato de España de Selección Autonómicas Feminino Sub 18 de hockey sobre patíns. Parabéns campioas!!!



Recoñecemento ás empresas colaboradoras co deporte



Recoñecemento a toda unha traxectoria no deporte



Sara Gacio, premio á mellor deportistas do ano



Recoñecementos especiais a Club Patín e Club Ximnasia

Premios aos mellores deportistas

O Concello de Oroso recoñeceu os mellores deportistas locais da tempada na terceira edición do seu **Día do Deporte**. O Concello entregou 9 premios en 4 categorías: mellor deportista do ano (Sara Gacio Cendal), recoñecemento á traxectoria ou dedicación ao deporte en Oroso (José Carlos Otero Álvarez, Amancio Espiñeira Raña e Gonzalo Goyzanes López), recoñecementos a empresas polo apoio ao deporte (Supermercado Autoservicio Familia, Integral Motion Automoción e Autos Grabanxa) e recoñecemento especial aos clubs deportivos Club Patín Oroso e Club Ximnasia Oroso.



O orosán Uxío Regueiro, do Orosto TM, vén de conseguir a medalla de bronce no Campionato de España de Tenis de Mesa, disputado en Blanes, na categoría dobres xuvenil. É o 8º campionato de España seguido para o Orosto TM. Parabéns!



Os alumnos/as da Escola de Música de Oroso volveron encher un ano máis o auditorio do centro cultural de Sigüeiro durante o seu tradicional concerto de fin de curso. Especialmente aplaudidas foron as actuacións grupais.



Unha trintena de nenos e nenas, de entre 3 e 9 anos, participaron nos obradoiros gratuítos de "Todocosmos", o programa de divulgación da ciencia astronómica da Universidade de Santiago en colaboración co Concello e a FECYT.